

MESA DE CONTRATACIÓN

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

PRESIDENTE: D. José M. Blanco Suárez, presidente do Padroado (excusou a ausencia)

VOGAIS: D. Guillermo Sánchez Fojo, vicepresidente do Padroado
D. Manuel Guillermo Antón Villaamil, interventor accidental
D. Jesús Janeiro Cazón, xerente do Padroado
D. Luciano Fernández Vicente, director técnico do Padroado

SECRETARIO: D. Anxo Franco Bañobre, secretario do Padroado

En Narón, sendo as 12 horas e trinta minutos do día 28 de xullo de 2014, constitúese a Mesa de Contratación para a contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, para o servizo de “**Impartición de clases nas escolas do Padroado da Cultura do Concello de Narón**”. En ausencia do presidente, presidiu a mesa o vicepresidente do Padroado.

Na Sala de Reunións da Alcaldía, na Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas, en cumprimento do previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do antedito servizo de “Impartición de clases nas escolas do Padroado da Cultura do Concello de Narón”.

En primeiro lugar, e de conformidade co artigo 26.1 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común, considerouse válidamente constituída a Mesa de Contratación, procedendo o Sr. Presidente á apertura da sesión.

En segundo lugar, o secretario do órgano colexiado informou aos membros da Mesa das proposicións recibidas ata o momento do peche da recepción de ofertas, sendo estas:

- ESPROADE, S.L
- TEDAGA, S.L
- A BILLARDA, S.L.

A continuación procedeuse á cualificación da documentación presentada polos licitadores nas súas propostas dentro do sobre “A”.

Examinada esta documentación presentada, a Mesa de Contratación comprobou que todas as empresas presentan a declaración responsable conforme teñen plena capacidade e solvencia para contratar coa administración, segundo o requirido na cláusula 10 do prego de cláusulas

administrativas particulares,

Seguidamente, o Sr. Presidente pregunta aos membros da Mesa se desexan realizar calquera pregunta, observación ou aclaración a realizar. Non se produciu intervención algunha ao respecto.

A presidencia informou aos membros da Mesa que a reunión para a aperura do sobre "B" coa proposta técnica celebrárase o xoves, 31 de xullo, ás 12:30 h e que o martes, 5 de agosto celebrárase ás 10:00 h a reunión para a apertura do sobre "C" coa proposta económica.

Ao non haber máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás doce horas e trinta e nove minutos da data indicada no encabezamento. Do desenvolvemento da mesma eu, como secretario, dou fe, en proba do cal se estende a presente acta, que asino co visto e praxe do Sr. Presidente.

Vº e Praxe
O PRESIDENTE

O SECRETARIO